

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DO PORRIÑO

ANUNCIO da oferta de emprego público do ano 2024 (expediente 3299/2024).

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 14-06-2024

Data final de exposición: 15-07-2024

O Porriño, a de de

O alcalde do Concello do Porriño ditou o Decreto número 2024-1689, do 4 de xuño, que a seguir se transcribe:

«Unha vez negociada a oferta de emprego público correspondente ao ano 2024 na reunión da Mesa de Negociación conxunta do Persoal Laboral e do Persoal Funcionario, o día 4 de xuño de 2024, de conformidade co informe do secretario e co disposto no artigo 70.2 do Real decreto legislativo 5/2015, e en virtude das atribucións establecidas no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2024 que comprenderá as prazas vacantes seguintes:

1. Prazas de funcionarios de carreira (quenda libre):

Escala de Administración xeral.

Grupo	Subgrupo	Escala/subescala	Nº vacantes	Denominación
A	A1	Administración xeral/técnica	1	Técnico de Administración xeral
C	C2	Administración xeral/auxiliar	5	Auxiliar
AP	-	Administración xeral/subalterna	1	Subalterno

Escala de Administración especial.

Grupo	Subgrupo	Escala/subescala	Clase	Nº vacantes	Denominación
A	A2	Administración especial/técnica	Técnicos medios	1	Enxeñeiro técnico de obras públicas
A	A2	Administración especial/técnica	Técnicos medios	1	Traballador social
C	C1	Administración especial/técnica	Técnicos auxiliares	1	Técnico de informática
C	C1	Administración especial/de servizos especiais	Policía	3	Policías

CVE-DOG: r3fcbnd5-zbs4-fg79-swa1-nzkrw75mktu3



Grupo	Subgrupo	Escala/subescala	Clase	Nº vacantes	Denominación
C	C2	Administración especial/de servizos especiais	Cometidos especiais	1	Oficial 1ª condutor maquinaria
C	C2	Administración especial/de servizos especiais	Persoal de oficios	2	Oficial 1ª albanel
AP	-	Administración especial/de servizos especiais	Persoal de oficios	7	Operarios de obras e servizos

2. Prazas persoal laboral fixo (quenda libre):

Grupo	Nº vacantes	Denominación
V	6	Operarios de obras e servizos
V	1	Subalerno-notificador

3. Prazas funcionarios de carreira por promoción interna:

Escala de Administración xeral.

Grupo	Subgrupo	Escala/subescala	Nº vacantes	Denominación
C	C1	Administración xeral/administrativa	1	Administrativo

Segundo. Publicar a anterior oferta de emprego público de 2024 no *Diario Oficial de Galicia* (DOG)».

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello do Porriño no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, consonte o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interperse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, e entenderase rexeitado o recurso de reposición polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de



reposición interposto, consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados consideren procedentes conforme dereito.

O Porriño, 5 de xuño de 2024

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Alcalde

CVE-DOG: r3fcbtd5-zbs4-fig79-swa1-nzknw75mktu3

